

Club Náutico de Portosín
Paseo da Romera,5
15999 Porto do Son
A Coruña
info@rcnportosin.com

AUTORIZACIÓN DE NAVEGACIÓN NAS AUGAS DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA NO MARCO DA "XXIII REGATA RAMIRO CARREGAL REY – GRAN TROFEO FARO DE CORRUBEDO"

O Club Náutico de Portosín solicita ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, autorización para navegación de aproximadamente 40 embarcacións nas augas do arquipélago de Sálvora (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia) no marco da "XXIII Regata Ramiro Carregal Rey - Gran Trofeo Faro de Corrubedo", os días 24 e 25 de xuño de 2023.

Analizada a solicitude, e

Vistas, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade; a Lei 5/2007, Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais; a Lei 15/2002, do 1 de xullo, de declaración do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia; o Real Decreto, 274/1999, do 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación de Recursos Naturais das Illas Atlánticas, o Real Decreto 389/2016, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais e o Plan reitor de Uso e Xestión (PRUX) do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, aprobado polo Decreto 177/2018, do 27 de decembro.

Resólvese autorizar a navegación nas augas do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia das embarcacións participantes na XXIII Regata Ramiro Carregal Rey – Gran Trofeo Faro de Corrubedo", os días 24 e 25 de xuño de 2023, coas seguintes condicións:

- A presente autorización estará vixente unicamente durante os días 24 e 25 de xuño de 2023, no arquipélago de Sálvora (tlf. 620376869).

[Redacted text block]



- [REDACTED]
- [REDACTED]
 - Deberá cumprirse a lexislación vixente en materia de xestión de residuos por parte das embarcacións. En ningún caso poderá abandonarse residuo algún nos límites do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
 - É moi importante comportarse de maneira respectuosa en caso de atopar ou avistar cetáceos ou aves mariñas, a empresa autorizada deberá cumprir o especificado na lexislación (RD 1727/2007, do 21 de decembro, polo que se establecen medidas de protección dos cetáceos). Concretamente as embarcación de apoio deberán manter unha velocidade moderada co fin de non alterar o comportamento normal das aves mariñas.
 - Tal como se reflexa no PRUX do Parque Nacional, no transcurso da proba no estará permitido o uso de megafonía, o seu recorrido será sempre en itinerancia, sen recalar, atracar ou fondear dentro do ámbito do parque nacional

Os autorizados desenvolverán a actividade obxecto da presente autorización a risco e ventura. Así mesmo, desenvolverán dita actividade de acordo coas indicacións que determine a Dirección do Parque Nacional, atendendo en todo momento as recomendacións da gardería e os vixiantes do Parque.

Esta autorización concédese sen prexuízo de todas as autorizacións que para realizar as actividades que conleve esta actividade, deban posuír os titulares desta autorización, tanto da Capitanía Marítima correspondente como aqueloutras esixidas na lexislación vixente.

O incumprimento dalgunha das condicións sinaladas, así como do establecido na Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ou da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e demais normas concordantes, dará orixe á resolución e extinción da presente autorización á empresa infractora, co independencia das sancións administrativas que puideran corresponder.

Contra a presente Autorización cabe presentar recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

José Antonio Fernández Bouzas
Director Conservador PNMTIAG
(sinatura dixital na marxe esquerda)

